



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10 DE MAIO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00019908W.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas das seguintes sesións:

Ordinarias de datas 29 de marzo e 5 de abril de 2021.

Extraordinaria e urxente de data 9 de abril de 2021.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1381/2019.

Licenza de segregación.

Acórdase:

-Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 29 de marzo de 2021, co número de protocolo 17; de 250 metros cadrados.

-Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de segregación de data de visado do 05/08/2020 e a documentación presentada o 28/09/2020 e o 20/04/2021, a SEGREGACION da finca situada no LG ROXOS, 8A SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA) nas seguintes PARCELAS DE RESULTADO

- FINCA 104 A. Ordenanza: Solo Urbano Consolidado: Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie: Total: 731 m²
- FINCA 104 B. Ordenanza: Solo Urbano Consolidado: Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie: Total: 502 m²

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1142/2019.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder a IES ANTONIO FRAGUAS, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 20/06/2019, a INSTALACIÓN DE PASARELA CUBERTA ENTRE EDIFICIOS NO INSTITUTO ANTÓN FRAGUAS situado na RÚA LONDRES (DE), 10 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 10.900,00 euros.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1411/2019.

Licenza obra maior.

Acórdase:

- ACEPTAR a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 31/03/2021, co número de protocolo 818 .

- CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 24/06/2019, e a

documentación presentada o 02/10/2020 e o 13/04/2021, a AMPLIACION DE VIVENDA UNIFAMILIAR no LG CARLEXO, 3 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 64.526,35 euros.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1427/2019.

Licenza obra maior.

Acórdase:

- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 23/07/2020 e número de protocolo mil oitocentos corenta.
- CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 21/12/2020 e a documentación presentada o 103/03/2021, REFORMA PARCIAL E AMPLIACION DE EDIFICIO PARA TRASTEIROS E DÚAS VIVENDAS UNIFAMILIARES na RUA QUEIMADA (DA), 20 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 202.100,00 euros.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1172/2020.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 11/03/2021 e a documentación presentada o 15/12/2020 e o 17/03/2021, a REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN VIVENDA UNIFAMILIAR situada na RÚA TORRENTE (DE), 43 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 108.200,00 euros.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/329/2020.

Licenza obra maior.

Acórdase:

-Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 25/09/2020, co número de protocolo mil setecentos sesenta.

Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

-CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 06/08/2020 e a documentación presentada o 05/02/2021 e o 26/03/202, a EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR na RÚA TORREIRA DE ARRIBA (DA), 34 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 200.071,01 euros.

8. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/89/2020.

Licenza de obras de reforma para cambio de uso de invernadoiro a hotel xardín no lugar de Neiro, 3.

Acórdase CONCEDER licenza de OBRAS DE REFORMA para cambio de invernadoiro a hotel xardín no LUGAR DE NEIRO, 3 -SANTIAGO DE COMPOSTELA A CORUÑA, segundo Proxecto básico e anexo con data de rexistro de 18/02/2020 e 08/06/2020, cun orzamento de execución material de 78.561,47 euros.

As actuacións consistirán en obras de reforma para cambio de uso de invernadoiro a hotel xardín cunha edificación de dous plantas máis baixo cuberta (B+1+BC) cunha ocupación en planta de 1.018 m², superficie construída reformada e destinada a hotel de 998,14 m² (892,09 m² útiles) e altura máxima de 8,77 metros. A edificación está situada en solo clasificado como rústico no PXOM.

9. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00015279L.

Ampliación de cesión de uso ás dependencias da ala sur en Bonaval.

Acórdase ampliar a cesión de uso outorgada en 1977 ao Padroado do Museo do Pobo Galego aos espazos da ala sur de Bonaval, polo tempo que resta e nas mesmas condicións sinaladas na sesión plenaria de 21 de febreiro de 1977 e 4 de decembro de 1998, coa excepción da reseñada no punto 5 relativa ao compromiso do Padroado de organizar instalacións ao aire libre postas na horta anexa ao convento.

Este acordo de modificación de cesión de uso deberá comunicarse ao PADROADO DO MUSEO DO POBO GALEGO e á DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL.

10. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00016233F.

Posta a disposición da Axencia de Turismo de Galicia da parcela 40 do SUNP-31 para a realización de obras

Acórdase:

1. Poñer a disposición da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA a parcela 40 DO SUNP-31 coa finalidade de que se poidan realizar as obras sinaladas na memoria xustificativa nomeada: mellora da accesibilidade ao auditorio do Monte do gozo pola zoa norte. Faise constar que esta posta a disposición **supón unha autorización de propiedade para acometer as obras**, e que deberá axustarse ao tratamento da parcela dotacional indicado no apartado IV, pero non prexulga outras autorizacións, principalmente urbanísticas, que sexan necesarias para executar estas obras e o cumprimento dos seus termos.

2. En todo caso, calquera responsabilidade derivada da obra corresponderá á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA.

3. Corresponderá á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA contratar, dirixir e executar as obras previstas nese proxecto, por conta dos seus orzamentos, debendo ademáis este informar ao Concello sobre o inicio e remate das mesmas e sobre calquera outra incidencia relativa a estas.

4. Rematados os prazos de garantía destas obras, e unha vez entregadas ao Concello mediante formalización da pertinente **acta de devolución** dos terreos e entrega das obras rematadas, corresponderá a este o mantemento e conservación das mesmas. Para tal fin, unha vez rematadas, a AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA porao en coñecemento do Concello, aos efectos de que este poida expoñer, no seu caso, as deficiencias detectadas para a súa corrección previa á recepción das obras polo AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA.

5. Esta posta a disposición durará todo o tempo que dure a execución da obra autorizada no pertinente acordo de concesión de licenzas.

6. A posta a disposición para a realización das obras non prexulga as autorizacións que sexan precisas.

11. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: xob/183/2020.

Aprobación do proxecto de estabilización de noiro e acondicionamento e mellora do vial na rúa do Bidueiro (Vidan).

Apróbase o PROXECTO DE ESTABILIZACIÓN DE NOIRO E ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO VIAL NA RÚA DO BIDUEIRO (VIDAN) elaborado por CONSULTORES E INFORMADORES LOCALES SL debendo cumprirse as condicións impostas por Augas de Galicia e polo Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia O orzamento máximo de licitación é de 157.413,48 € + 33.056,83 € de IVE (21%), o que da un total de **190.470,31 €**. O prazo de execución é de 4 meses. Non se esixe clasificación do contratista.

A obra ten por obxecto acondicionar o vial, mediante a aplicación de una capa de 5 cm de mezcla bituminosa en quente sobre una base de 25 cm de zahorra co fin de mellorar a capa de rodadura existente, así como a estabilización do noiro da marxe éste do mesmo, coa construción de un muro de contención pola marxe do río Sarela.

12. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: AD 003.

Adquisición de bens inmobles e adxudicación de poxa pública.

Acórdase:

- DEIXAR SEN EFECTO o acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de maio de 2021, sobre adquisición de bens mobles, porque por error non se propuxo o acordo de adquisición dos bens, antes da contratación da entidade para levar a cabo a poxa pública.
- DECLARAR como bens patrimoniais pertencentes ó Concello, en virtudes das disposicións establecidas nos artigos 610, 615 e 616 do Código Civil, a relación de bens que figura publicada no BOP de 4 de decembro de 2020, número 208, que foron achados e, con relación ós que se levou a cabo o procedemento previsto nos meritados artigos para localizar os seus donos ou atribuílos ás persoas que os atoparon e que os entregaron nas dependencias da Policía Local, sendo custodiados por ela dende o ano 2016 ata a actualidade, tendo transcorrido con creces o prazo de dous anos para que se procediese a súa reclamación.
- CONTRATAR á entidade SALA RETIRO S.A., para a realización dunha poxa pública dos obxectos perdidos que foron publicados nos BOP e no taboleiro de anuncios do concello con data 4 de decembro de 2020, número 208.

Xunto a este informe remítese a oferta da entidade, o certificado de estar ó corrente coa Axencia Tributaria e coa SS., de non ter prohibición ou incompatibilidade para contratar e copia das publicacións no BOP dos obxectos perdidos, anos 2016 e 2017.

13. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: 2021/00001635V.

Dación de contas da participación do concello de Santiago de Compostela no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2021 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021, cuxas bases se coñecen e se aceptan na súa totalidade, polo importe de trescentos vinte mil cincocentos vinteun euros con dous céntimos (320,521.02.-€).

Acórdase:

- Dar conta da resolución da Comisión de Benestar social e Educación no Plan provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021, da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021, polo importe de 320.521.02 euros, a favor do concello de Santiago. O prazo de xustificación rematará o día 31 de marzo de 2022.

14. DEPORTES. Referencia: 3501/2021.

Dar conta do procedemento de acceso de público durante as competicións deportivas de carácter autonómico e de base nas instalacións deportivas municipais adscritas á xestión do Departamento de Deportes.

Tómase coñecemento das medidas organizativas no acceso de público ás competicións de carácter autonómico e de base que se desenvolvan nas instalacións deportivas municipais adscritas á xestión do Departamento de Deportes, segundo os aforos que previamente se determinen, sendo de aplicación desde o 14 de maio de 2021 e sempre que a situación sanitaria e as normativas vixentes o permitan.

Desde a Concellería de Deportes, en atención as normas anteriormente citadas, á situación sanitaria actual respecto da evolución da pandemia na cidade de Santiago de Compostela e, o feito de que xa se produciu a total incorporación do deporte autonómico de competición nas instalacións deportivas municipais ao longo do pasado mes de abril, considérase que se dan as circunstancias precisas para permitir, con carácter xeral, o acceso de público as instalacións e, en especial, durante os partidos de competición de nivel autonómico e de base.

Para coordinar correctamente o acceso de público é preciso establecer un procedemento de solicitude a cumprir polas entidades deportivas interesadas e organizadoras dos seus

encontros/eventos, que se axustará á normativa vixente así como, a cantas modificacións posteriores que se poidan producir ao respecto.

En atención ás circunstancias que concorren, considerando que as dinámicas de uso estritamente deportivas estanse a desenvolver con normalidade, desde a Concellería de Deportes dáse conta á Xunta de Goberno do procedemento e normas a cumprir polas entidades que estean interesadas en permitir o acceso de público as instalacións deportivas municipais adscritas á xestión do Departamento de Deportes e que estarán vixentes mentres se manteñan as actuais normativas, sendo de aplicación desde o 12 de maio de 2021.

ACCESO DE PÚBLICO

As competicións deberán organizarse segundo o previsto nos protocolos federativos de aplicación aprobados polas autoridades deportivas competentes así como, polo disposto no Protocolo de actuación das instalacións deportivas municipais do Concello de Santiago.

As entidades organizadoras deberán cumprir coas normas e protocolos de aplicación que correspondan, debendo ter presente as consideracións que se enumeran a continuación:

1. PRESENTACIÓN DUNHA SOLICITUDE E DECLARACIÓN RESPONSABLE

A entidade deportiva interesada debe solicitar autorización para a asistencia de público por escrito ao Departamento de Deportes (deportes@santiagodecompostela.gal), como mínimo con 4 días de antelación á celebración da competición. A autorización será extensible a todas as competicións desenvolvidas pola entidade solicitante ata finais da presente tempada, agás comunicación expresa para alguna competición en concreto. A solicitude e declaración deberá ser remitida por correo electrónico asinada electrónicamente polo/a presidente/a ou representante legal da entidade. O Concello autorizará expresamente o acceso de público as competicións tras a recepción da solicitude.

2. AFORO E MEDIDAS DE PREVENCIÓN A CONSIDERAR POR PARTE DAS ENTIDADES

- É responsabilidade da entidade deportiva o cumprimento da normativa en canto ao aforo, control do mesmo e respecto das medidas de seguridade dispostas, con especial atención a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros. O aforo dos recintos está limitado segundo os máximos que se definan en cada momento polo Departamento de Deportes.
- A entidade organizadora deberá elaborar un rexistro de asistentes, que custodiará ata un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal. Este listaxe poderá ser solicitado en calquera momento polo Concello, se se considera oportuno.
- O público deberá permanecer sentado (non están permitidas as localidades de pé).
- Co fin de evitar aglomeracións, a distribución dos asistentes será homoxénea polas butacas segundo a rotulación existente e haberá unha planificación axeitada para controlar os accesos e o fluxo de circulación.
- O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, mesmo no caso de que se manteña a distancia de seguridade interpersonal nos termos previstos nas medidas hixiénico-sanitarias. Nas butacas ou asentos preasignados, as persoas asistentes non poderán quitar a máscara.
- A entidade atenderá as indicacións e observacións do persoal municipal responsable da instalación, que queda facultado para tomar as decisións necesarias en caso de incumprimento das normas.
- O uso dos aseos para público se limitará a casos imprescindibles.
- Non se autoriza a comer e fumar no interior da instalación.
- Co fin de favorecer a fluidez no acceso á instalación, recoméndase que o público estea preinscrito ao evento segundo o protocolo que considere a entidade organizadora.
- Informarase aos espectadores, previo acceso á instalación, das condicións de acceso, entre as que se atoparán, como mínimo, as seguintes cuestións:
 - O uso da máscara é obrigatorio en todo momento no interior do recinto.
 - Non acudir á instalación e informar de forma inmediata no caso de ter algún síntoma que poida ser compatible coa COVID-19 ou no caso de contacto con persoas infectadas.
 - Realizar un autotest antes de asistir ao evento, para confirmar se pode ter síntomas de COVID-19 (febre, tose, falta de alento,...).

- Deberá permanecer sentado no lugar asignado durante todo o evento, incluídos os descansos.
- Só está autorizada a circulación pola instalación para saír da mesma ou, en caso necesario, para dirixirse ao aseo. Co fin de favorecer o control de acceso evitarase a dinámica de saír e volver a entrar na instalación.
- Manterase a distancia de seguridade en todo momento.
- Deberá proporcionar datos de contacto, que a entidade custodiará ata un mes despois da competición, co único fin de poder poñelos a disposición das autoridades sanitarias.
- O público poderá acceder a instalación con 15 minutos de antelación aproximadamente ao comezo do partido, sempre que estea completamente desaloxada a bancada da competición anterior.

Poderán valorarse situacións excepcionais que deberán motivarse e remitirse ao Departamento de Deportes con antelación suficiente para a súa valoración, sempre que non vaian contra a norma xeral de ocupación dos recintos.

En calquera caso, as condicións de autorización poderán ser modificadas (incluso suspendidas) en función da evolución da situación sanitaria e normativa vixente ou, ante calquera incumprimento manifesto por parte da entidade organizadora.

3. CONSIDERACIÓNS ESPECIAIS EN INSTALACIÓNS OU ACTIVIDADES PARTICULARES

GRUPO A: Pavillóns polideportivos ubicados en CEIPs

Co fin de manter a distancia de seguridade respecto da práctica deportiva, utilizarase unicamente a fila alta da bancada como ubicación do público asistente. En caso de ser necesario utilizar algún asento da primeira fila (ata completar o aforo máximo), será empregado de forma preferente polo persoal directivo da entidade, reservándose os asentos ubicados nos extremos da bancada.

GRUPO C: Campos de fútbol

Para as competicións de fútbol 8 desenvolvidas nos campos de fútbol municipais, utilizarase cada metade da bancada como unha unidade funcional e independente.

Será a entidade que actúe como local, como organizadora, a que se encargue de realizar o rexistro de asistentes, así como de velar polo cumprimento da normativa vixente.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/29/2020.

Corrección erro no punto 4 da sesión extraordinaria de urxencia da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela do 6 de novembro de 2020

Subsánase o acordo número 4 da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela do 6 de novembro de 2020, relativo a adxudicación do contrato "Execución das obras recollidas no proxecto "Prolongación beirarrúa marxe pares (este) da Rúa do Tambre entre Meixonfrío e o polígono do Tambre" (POS-2015 Adicional 1) CON/29/2020" de forma que no citado acordo :

Onde dí:

"O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 2020/100/45400/6190000, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios. Anualidade 2020: 85.644,66 euros.

Anualidade 2020: 171.289,33 euros."

Debe dicir:

"O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 2020/100/45400/6090000, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios." Anualidade 2020: 85.644,66 euros.

Anualidade 2021: 171.289,33 euros."

16. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00019942J.

Aprobación do gasto e apertura do expediente denominado Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do Parque de Brandía do Concello de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego D.A. 4º LCSP CON/10/2021.

Acórdase a aprobación do expediente denominado “Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do Parque de Brandía do Concello de Santiago de Compostela”, reservado a centros especiais de emprego D.A. 4º LCSP, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 226.952,07 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 47.659,93 euros. O importe total ascende a **274.612 euros**.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 2279902, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: 38.140,55 euros.

Anualidade 2022: 91.537,33 euros.

Anualidade 2023: 91.537,33 euros.

Anualidade 2024: 53.396,78 euros.

17. MEDIO AMBIENTE E SANIDADE. Referencia: Factura 2021/1367, Urbaser S.A..

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ao abono á empresa “Urbaser S.A.”, da cantidade de 663.030,36 euros en concepto de prestación do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria, do mes de marzo de 2021.

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria correspondente ao mes de marzo do ano 2021.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de seiscentos sesenta e tres mil trinta euros con trinta e seis céntimos (663.030,36 €) a favor de “Urbaser, S.A.”, imputándose 304.264,63 euros á aplicación orzamentaria 2021/020/16210/22700 e 358.765,73 euros á aplicación 2021/020/16210/22708 do orzamento vixente.

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

18. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00019908W.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Dase conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 30 de abril a 6 de maio de 2021.

URXENCIAS

19.- CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA FACTURA F/2021/574 EMITIDA POR “SOCIEDADE MUNICIPAL XESTIÓN TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO” EN CONCEPTO DE ALUGUEIRO DO LOCAL DOS SERVIZOS DE PARQUES E XARDÍNS E DE BOMBEIROS CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO DE 2021.

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados do alugueiro do local dos servizos de Parques e Xardíns e de bombeiros, correspondente ao mes de xaneiro de 2021.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 6.624,29 € a Sociedade Municipal de Xestión de Transporte Urbano de Santiago.

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

20.- CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR VARIAS EMPRESAS EN CONCEPTO DE SERVIZOS DE MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE SEGURIDADE, EXTINTORES E ALARMAS DAS DISTINTAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS CORRESPONDENTES AOS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2021.

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados do mantemento de alarmas e extintores das distintas dependencias municipais, correspondentes aos meses de xaneiro e de febreiro de 2021.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 1.471,63 €, emitidas por Sistemas de Seguridade A-1 S.L.

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

21.- CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR VARIAS EMPRESAS EN CONCEPTO DE ALUGUER, MANTEMENTO E CONSUMO COPIAS EN VARIOS DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTES A DIFERENTES PERIUDOS ENTRE OUTUBRO DE 2020 E FEBREIRO DE 2021.

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados do alugueiro e mantemento de fotocopiadores, realizados entre os meses de outubro de 2020 e febreiro de 2021.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 4.906,80 euros, emitidas por Solitium Noroeste SL (antes NEA F3Ibérica SLU).

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

22.- CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR VARIAS EMPRESAS EN CONCEPTO DE MANTEMENTO E DE SUBMINISTRACION PARA ASCENSORES NAS DIFERENTES DEPENDENCIAS MUNICIPAIS CORRESPONDENTES AOS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2021.

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados do mantemento e subministración para ascensores nas diferentes dependencias municipais, correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2021.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 3.423,78 € ás empresas Schindler, SA, e a Ascensores ENOR.

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

23.- CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMIENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR ISS FACILITY SERVICES SA EN CONCEPTO DE LIMPEZA ORDINARIA DOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS MUNICIPAIS E SUBMINISTRACIÓN XEL HIDROALCOHÓLICO MESES DE XANEIRO E FEBREIRO 2021.

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados dos servizos extraordinarios de limpeza en edificios municipais e subministración de xel hidroalcolico, correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro 2021

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 220.158,60 €. a ISS FACILITY SERVICES, S.A

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

24.- CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMIENTO DE DÉBEDA DAS FACTURAS EMITIDAS POR VARIOS PROVEEDORES EN CONCEPTO DE SUBMINISTRACIÓN GAS NATURAL E GASÓLEO PARA DEPENDENCIAS MUNICIPAIS ENTRE NOVEMBRO DE 2020 E FEBREIRO DE 2021.

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados do servizo de subministración de gas e gasóleo en distintas dependencias municipais, correspondente ao periodo comprendido entre novembro de 2020 e febreiro de 2021.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 8.937,80 € a Gas Natural Comercializadora SA, e a Ulla Oil SL.

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

25.- CONVALIDACIÓN OMISIÓN FUNCIÓN INTERVENTORA E RECOÑECIMIENTO DE DÉBEDA FACTURAS EMITIDAS POR SOCIEDADE ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS SA, EN CONCEPTO DE SERVICIOS POSTAIS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO 2021.

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos en concepto de servizos postais, correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro de 2021.

2º.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de 70.839,52 euros, á Sociedade Estatal Correos y Telégrafos.

3º.- Dispoñer a continuación das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

26.- APROBACIÓN DO XXV CERTAME DE TEATRO INTERCENTROS.

Apróbase a memoria programática e económica do XXV Certame de Teatro Intercentros 2021, incluído dentro do Programa de Teatro que promove o Departamento de Educación. O certame, que conta cun orzamento estimado de 4.308,20 euros, está destinado a alumando de ESO e Bacharelato de Santiago de Compostela e comarca.

A primeira etapa, de outubro a abril, é de preparación e ensaio das obras participantes. E na segunda etapa, o 11 e 12 de maio, levaranse a cabo as representacións dos grupos de teatro participantes, no Teatro Principal.

Así o 11 de maio está prevista a representación de “Elas”, do grupo de Danza de secundaria; e “As do peixe”, do grupo de teatro IES de Brión. E o 12 de maio “Sen conciencia”, unha

curtametraxe do grupo de teatro “Tantométén” do IES Antón Fraguas; e “Criaturas”, do grupo de teatro “Vai no dentista, do IES Xelmirez I.
O número estimado de participantes é de 360.